



CONCELLO DE TEO

D.^a VIRGINIA FRAGA DÍAZ, SECRETARIA XERAL DO CONCELLO DE TEO (A CORUÑA),

CERTIFICA:

Que o Pleno da Corporación, na sesión ordinaria celebrada o 29 de abril de 2026, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

5.- APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS SXS1 CENTRO DE SAÚDE. EXPEDIENTE 2023/U035/000001.

A sra. alcaldesa da conta da proposta de 20 de abril de 2026, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de urbanismo, vivenda, infraestruturas, sostibilidade e servizos básicos de 23 de abril de 2026.

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN DEFINITIVA PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIONES SXS1 CENTRO DE SAÚDE. EXPEDIENTE 2023/U035/000001.

Mediante Decreto da Alcaldía do 10 de setembro de 2024 (res 1117/2024) resolveuse aprobar inicialmente o PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS SXS1. CENTRO DE SAÚDE, de xullo de 2024 (rex. entrada nº 202499900002094 e 3224, do 17/07/2024), promovido de oficio polo Concello de Teo e redactado pola empresa ABTEMAS S.L., que afecta aos terreos clasificados como solo rústico no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Teo, suspendéndose o procedemento de outorgamento de licenzas de parcelación de terreos, edificación e demolición no ámbito do Plan Especial, suspensión cuxa duración é de dous anos, extinguíndose en todo caso coa aprobación definitiva do Plan Especial.

Cumprimentando o Decreto citado procedeuse a someter o expediente a información pública polo prazo de dous meses, mediante inserción de anuncios no Diario Oficial de Galicia (nº 196, de 10/10/2024), na Voz de Galicia (18/09/2024), no BOE (nº 233, de 26/09/2024), no taboleiro de anuncios do Concello, na web municipal e no portal de transparencia do Concello (17/09/2024 e 10/10/2024).



CONCELLO DE TEO

Procedeuse igualmente a solicitar, remitindo un exemplar do documento, os informes sectoriais da Delegación do Goberno (rex. de saída nº 202490000000479 do 27/09/2024 e nº 202400000000483 do 30/09/2025), Vicepresidencia terceira do Goberno, Ministerio para a transición ecolóxica e reto demográfico. Demarcación Hidrográfica Galicia Costa (rex. de saída nº 202490000000480 do 27/09/2024 e nº 202490000000484 do 30/09/2024), Dirección Xeral de Patrimonio Cultural (rex. de saída nº 202490000000477 do 27/09/2024 e nº 202490000000485 do 30/09/2024), Deputación da Coruña (rex. de saída nº 202490000000478 do 27/09/2024 e nº 202490000000486 do 30/09/2024), Xefatura territorial da Coruña da Consellería de Medio Rural (rex. saída nº 202490000000476 do 27/09/2024 e nº 202490000000487 do 30/09/2024), e Augas de Galicia (rex. de saída nº 202490000000500, de 04/10/2024).

Así mesmo notificouse, remitindo un exemplar do documento, a aprobación inicial ao Delegado de Economía e Facenda (rex. saída nº 202400000001968 e nº 202490000000445, do 12/09/2024) e á Consellería de Economía e Facenda (rex. saída nº 202400000001967 e nº 202490000000446 do 12/09/2024), de conformidade co previsto no artigo 189 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das Administracións Públicas.

Considerando que durante o trámite de información pública non se formularon alegacións, de acordo co informe do xefe do negociado de servizos xerais, de 13 de decembro de 2024, incorporado ao expediente.

Visto o informe favorable da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural (rex. entrada nº 2025900000000273 do 05/02/2025), o informe favorable da Deputación da Coruña (rex. entrada nº 2024900000003192 do 26/11/2024) e o informe favorable de Augas de Galicia (rex. entrada nº 2025900000000728 do 21/03/2025).

Considerando que, segundo os artigos 75.1.b) da LSG e 186.1.b) do RLSG, os informes sectoriais autonómicos deberán ser emitidos no prazo máximo de tres meses, transcorrido o cal entenderanse emitidos con carácter favorable.



CONCELLO DE TEO

Considerando que a aprobación inicial foi notificada individualmente ás persoas titulares catastrais dos terreos afectados, de acordo cos artigos 75.1 a) da LSG e 186.1 a) do RLSG, e demais persoas interesadas, facéndolles constar que por tratarse dun acto de mero trámite, contra a mesma non cabía recurso, sen prexuízo de que puideran interpor o que estimaran procedente.

Visto o informe do arquitecto municipal do 24 de marzo de 2025, incorporado ao expediente.

De acordo co exposto, mediante Decreto da Alcaldía do 6 de xuño de 2025 (res. 679/2025), resolveuse aprobar provisionalmente o “PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS SXS1. CENTRO DE SAÚDE”, de xullo de 2024 (rex. entrada nº 202499900002094 e 3224, do 17/07/2024), promovido de oficio polo Concello de Teo e redactado pola empresa ABTEMAS S.L., e someter o citado plan co expediente completo, debidamente dilixenciado, ao órgano competente en materia de urbanismo para o seu informe preceptivo e vinculante.

Dando cumprimento ao citado Decreto da Alcaldía, o mesmo foi notificado individualmente a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados, de acordo cos artigos 75.1 a) da LSG e 186.1 a) do RLSG, e demais persoas interesadas, facéndolles constar que por tratarse dun acto de mero trámite, contra Decreto en cuestión non cabía recurso, sen prexuízo de que puideran interpor o que estimaran procedente, e foi notificado á Consellería de Facenda da Xunta de Galicia (rex. saída nº 202500000001322, do 10/06/2025) e ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas (rex. saída nº 202500000001323, do 10/06/2025), de conformidade co previsto no artigo 189 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.

Procedeuse así mesmo a publicar a aprobación provisional no portal de transparencia do Concello de Teo (12/06/2025), na web municipal (12/06/2025), no taboleiro de anuncios do Concello (12/06/2025) e no TEU (20/06/2025).

Con data de 4 de xullo de 2025, remitiuse o expediente completo, debidamente dilixenciado, ao órgano competente en materia de urbanismo, Dirección Xeral de



CONCELLO DE TEO

Urbanismo, solicitando o seu informe preceptivo e vinculante, de conformidade co artigo 75.1 e) da LSG e 186.1 do RLSG (rex. saída nº 202590000000293), recibíndose con data de 22 de xullo de 2025 un requirimento de documentación por parte do citado órgano (rex. entrada nº 3069).

Atendendo ao citado requirimento, solicitouse o informe sectorial de Telecomunicacións, que non foi emitido en prazo, tal e como consta no expediente e como lle foi comunicado á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, con data de 28 de xaneiro de 2026 (rex. saída nº 202690000000023), remitíndolle así mesmo o resto da documentación solicitada por esa Dirección Xeral con data de 22 de xullo de 2025 (rex. entrada nº 3069).

Visto o informe previo á aprobación definitiva da Dirección Xeral de Urbanismo, favorable á citada aprobación do Plan Especial, coas condicións sinaladas nos apartados III 2 a III 4 do mesmo (rex. entrada nº 202690000000760, do 24/03/2026).

Visto o PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS SXS1. CENTRO DE SAÚDE, de abril de 2026, redactado pola empresa ABTEMAS S.L., presentado no Concello, en soporte dixital, con data de 17 de abril de 2026 (rex. entrada nº 202699900001280), e en soporte papel o 20 de abril de 2026 (rex. entrada nº 1472), axustado ás condicións do informe favorable da Dirección Xeral de Urbanismo recibido o 24 de marzo de 2026 (rex. entrada nº 202690000000760).

En virtude do exposto e de acordo co artigo 22.2.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), artigo 75 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, artigo 186 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei, e demais normativa aplicable, propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar definitivamente o “PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS SXS1. CENTRO DE SAÚDE”, de abril de 2026 (rex. entrada nº 202699900001280, do 17/04/2026 e 1472, do 20/04/2026), promovido de oficio polo Concello de Teo e redactado pola empresa ABTEMAS S.L., que afecta a terreos



CONCELLO DE TEO

clasificados como solo rústico no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Teo.

Segundo.- Dar por extinguida a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas de parcelación de terreos, edificación e demolición no ámbito do “PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS SXS1. CENTRO DE SAÚDE”, de conformidade cos artigos 47.2 da LSG e 86.2 do RLSG.

Terceiro.- Publicar o presente acordo no Diario Oficial de Galicia, debéndose publicar a indicación das medidas adoptadas para o seguimento dos efectos no medio ambiente da aplicación do plan e a referencia á dirección electrónica na que figurará o contido íntegro do plan a disposición do público, así como, se procede, o extracto elaborado con carácter previo á aprobación do documento que incluírá os aspectos referidos nos artigos 82.2 da LSG e 199.2 do RLSG.

Cuarto.- Publicar no Boletín Oficial da Provincia da Coruña o documento que conteña a normativa e as ordenanzas.

Quinto.- Proceder a inscribir o plan no Rexistro de Ordenación do Territorio e Planeamento Urbanístico de Galicia, de conformidade co artigo 88.1 da LSG e artigo 209.1 do RLSG

Sexto.- Notificar individualmente o presente a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados, de acordo cos artigos 75.1 a) da LSG e 186.1 a) do RLSG, e demais persoas interesadas, facéndolles constar que contra o mesmo, ao tratarse dunha disposición de carácter xeral, non cabe recurso en vía administrativa, senón contencioso-administrativo, de acordo cos artigos 112.3 da LPACAP, 84.1 da LSG, 201.1 do RLSG e 64 do TRLSRU.

Sétimo.- Notificar o presente, remitindo un exemplar do plan, á Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de conformidade co previsto no artigo 189 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.



CONCELLO DE TEO

Oitavo.- Facultar á Alcaldía para cantas actuacións sexan necesarias para a execución do acordado”.

(...)

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros (9 PP, 3 PSdeG-PSOE, 3 BNG e 2 PXC), acorda:

Primeiro.- Aprobar definitivamente o “PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS SXS1. CENTRO DE SAÚDE”, de abril de 2026 (rex. entrada nº 202699900001280, do 17/04/2026 e 1472, do 20/04/2026), promovido de oficio polo Concello de Teo e redactado pola empresa ABTEMAS S.L., que afecta a terreos clasificados como solo rústico no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Teo.

Segundo.- Dar por extinguida a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas de parcelación de terreos, edificación e demolición no ámbito do “PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS SXS1. CENTRO DE SAÚDE”, de conformidade cos artigos 47.2 da LSG e 86.2 do RLSG.

Terceiro.- Publicar o presente acordo no Diario Oficial de Galicia, debéndose publicar a indicación das medidas adoptadas para o seguimento dos efectos no medio ambiente da aplicación do plan e a referencia á dirección electrónica na que figurará o contido íntegro do plan a disposición do público, así como, se procede, o extracto elaborado con carácter previo á aprobación do documento que incluírá os aspectos referidos nos artigos 82.2 da LSG e 199.2 do RLSG.

Cuarto.- Publicar no Boletín Oficial da Provincia da Coruña o documento que conteña a normativa e as ordenanzas.

Quinto.- Proceder a inscribir o plan no Rexistro de Ordenación do Territorio e Planeamento Urbanístico de Galicia, de conformidade co artigo 88.1 da LSG e artigo 209.1 do RLSG



CONCELLO DE TEO

Sexto.- Notificar individualmente o presente a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados, de acordo cos artigos 75.1 a) da LSG e 186.1 a) do RLSG, e demais persoas interesadas, facéndolles constar que contra o mesmo, ao tratarse dunha disposición de carácter xeral, non cabe recurso en vía administrativa, senón contencioso-administrativo, de acordo cos artigos 112.3 da LPACAP, 84.1 da LSG, 201.1 do RLSG e 64 do TRLSRU.

Sétimo.- Notificar o presente, remitindo un exemplar do plan, á Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de conformidade co previsto no artigo 189 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.

Oitavo.- Facultar á Alcaldía para cantas actuacións sexan necesarias para a execución do acordado.

E para que conste, expido e asino a presente, de orde e co visto e praxe da sra. alcaldesa, coa reserva do artigo 206 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, en Teo, na data da sinatura dixital do presente.

Visto e praxe

A secretaria xeral

A alcaldesa

Virginia Fraga Díaz

Lucía Calvo de la Uz